



A Restauración

Tema 17 (Bloque 2. Política – Século XIX)

2º Bach. - IESMendiño - 2024/2025

Prof. Xael Díaz Alonso



A xénese do sistema da Restauración

O retorno da monarquía


- ♦ A inestabilidade levou ás clases medias e altas a apostar por unha solución acorde ao contexto internacional e aos seus intereses: a **restauración monárquica**.
- ♦ A volta dos Borbóns ao trono coa figura de **Alfonso XII** foi produto dun traballo de varios anos, sendo o gran protagonista deste plan **Antonio Cánovas del Castillo**.



O retorno da monarquia



Afonso



O retorno da monarquía

- ♦ Neste complexo proceso destaca a **abdicación de Isabel II no seu fillo Alfonso**. Despois, aproveitando o contexto da era bismarckiana, ideou unha solución moderada co **partido alfonsino**, cun programa liberal e monárquico de “paz e orde”.
- ♦ O **pronunciamento** de Martínez Campos non foi ben visto por Cánovas, que prefería a vía legal e alonxar ao exército do poder civil.



O retorno da monarquía

- ♦ O **Manifesto de Sandhurst**, en decembro de 1874, redactado por Cánovas e firmado por don Alfonso recollía as liñas básicas do proxecto:
 - ✓ ***Monarquía constitucional*** con carácter aberto e integrador.
 - ✓ Necesidade de compatibilizar a ***tradición católica coa liberdade***.
 - ✓ ***Superación das constitucións precedentes*** (1845 e 1869).






Bases e funcionamento da Restauración

Fundamentos do sistema canovista


- ♦ O **sistema da Restauración**, tamén coñecido como “sistema canovista” debido ao seu ideólogo, é resultado da fusión de influencias, o que acabou dando as seguintes características:

- ♦ O **pragmatismo** aplicado á política.



Fundamentos do sistema canovista

- ♦ A defensa da “**constitución histórica ou interna**” de España, é dicir, os seus costumes e historia, aos que as leis debían amoldarse.
- ♦ A **soberanía compartida por Rei e Cortes**, xa que para Cánovas isto era unha constante da historia.



Fundamentos do sistema canovista

- ♦ Unha visión **pesimista** da realidade española, moi decadente.
- ♦ A necesidade de que o **exército** quedase á marxe da **política**.
- ♦ Un **sistema electoral** baseado na **abstención** masiva e nun **fraude** permanente.




Fundamentos do sistema canovista



Sube el uno, baja el otro, y España siempre en el potro.


A Constitución de 1876

- ♦ A Constitución de 1876 estivo vixente ata 1923 (de iure, ata 1931); o seu gran logro foi a **estabilidade**.
- ♦ O breve texto (89 art.) foi **síntese** das constitucións de 1845 e 1869.
- ♦ A redación amosaba o **espírito de pacto**. A pouca concreción deixaba en mans do goberno moitos aspectos básicos (sufraxio...).



A Constitución de 1876

- ♦ A soberanía era compartida polas **Cortes e o Rei**, que era pedra angular do sistema e cabeza do exército. A coroa regulaba os tres poderes, como moderadora e directora da vida política.
- ♦ O dereito de sufraxio quedaba **pendente**, ao non precisar o sistema de votación.
- ♦ O **Estado era confesional**, pero con liberdade relixiosa privada.



A Constitución de 1876

- **Art. 11.** *A relixión Católica, Apostólica, Romana, é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e os seus ministros. Ninguén será molestado en territorio español polas súas opinións relixiosas [...]. Non se permitirán, non obstante, outras manifestacions públicas ca as da relixión do Estado [...].*
- **Art. 13.** *Todo español ten dereito: De emitir libremente as súas ideas e opinións [...]. De reunirse pacificamente. De asociarse [...].*
- **Art. 18.** *A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.*
- **Art. 19.** *As Cortes compóñense de dous Corpos Colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].*
- **Art. 50.** *A potestade de facer executar as leis reside no Rei, e a súa autoridade esténdese a todo canto conduce á conservación da orde pública no interior e á seguridade do Estado no exterior, conforme á Constitución e ás leis.*
- **Art. 51.** *O Rei sanciona e promulga as leis.*


O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ Fundáronse **novos partidos** leais á monarquía, e que creasen un muro de contención fronte aos radicais.
- ♦ Acabou impoñéndose un **sistema bipartidista** dominado polo Partido **Conservador** (liderado por Antonio Cánovas del Castillo) e o Partido **Liberal** (despois Liberal-Fusionista, liderado por Práxedes Mateo Sagasta).



O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ O Partido Liberal-Conservador ou **Partido Conservador** formouse en 1875 sobre os restos do partido moderado e algúns progresistas e constitucionais.
- ♦ Para poder integrar nun mesmo partido a isabelinos e revolucionarios do Sexenio, Cánovas incluiu a ambos sectores xa no seu primeiro sector.



O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ O Partido Liberal, expoñente do sector reformista da Restauración, tardou máis tempo en formarse. Con raíz no Partido Constitucional, estaba integrado por progresistas procedentes da Unión Liberal.
- ♦ En 1880 creouse o **Partido Liberal Fusionista**, unión do Partido Liberal e o Centro Democrático, con Sagasta como líder.



O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ Á marxe dos grandes partidos estaban os excluídos do poder:
 - ✓ Os **republicanos**, divididos en radicais, unitarios e federais.
 - ✓ Os **carlistas**, que estaban divididos tras a súa derrota no ano 1876.
 - ✓ Os **movementos obreiros** (tanto socialista como anarquista), que conseguiron certa representación só a finais da Restauración.




O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ O *turnismo* ou **alternancia pacífica** foi fundamental na Restauración. Comezou coa esixencia (aceptada) de Sagasta de que o rei o chamase a gobernar.
- ♦ Conservadores e liberais **substituíanse pacificamente** no poder, afastando o risco de golpes. Para logralo recurriuse á **manipulación electoral**.



O sistema de partidos e o “turnismo”



O sistema de partidos e o “turnismo”



O sistema de partidos e o "turnismo"

Partidos Políticos	Elecciones																				
	1876	1879	1881	1884	1886	1891	1893	1896	1898	1899	1901	1903	1905	1907	1910	1914	1916	1918	1919	1920	1923
Partidos dinásticos																					
Liberal-Conservador	333	293	39	318	56	253	44	269	1	1	79	230	96	242	115	193	88	98	94	133	93
Partido Constitucional	48	56 ²	Se fusiona en 1880 con los radicales monárquicos para crear el Partido Liberal-Fusionista.																		
Liberal (Fusionista)	-	-	297	38	278	74	281	88	266	93	233 ³	94	229 ⁴	73	215	84	233	43	40	29	222 ⁵

O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ O fraude permite falar dunha **democracia puramente formal** ou “**sistema liberal sen democracia**”.
- ♦ O sistema seguía esta pauta:
 - ✓ O rei chamaba a gobernar ao partido da oposición. É dicir, **era necesario ter o apoio da Coroa**.
 - ✓ O rei disolvía as Cortes e convocaba eleccións; o novo goberno as manipulaba para obter a maioría e o **apoio das Cortes**.



O sistema de partidos e o “turnismo”

- ♦ A consolidación do *turnismo* produciuse xa durante a rexencia de María Cristina (1885-1902).
- ♦ Destacou neste proceso o **pacto do Pardo** (1885) entre Cánovas e Sagasta, que se comprometeron a apoiar a rexencia para defender á monarquía das ameazas carlista e republicana.



Caciquismo e fraude electoral

- ♦ O réxime da Restauración foi considerado por Joaquín Costa como **oligárquico, caciquil, corrupto e non democrático**. Non obstante, proporcionou un longo período de **estabilidade**.
- ♦ As relacións de poder eran simples: **a aristocracia e a burguesía dominaban o sistema**, mentres que o resto quedaba excluído do poder político.



Caciquismo e fraude electoral

- ♦ O poder político estaba en mans dos altos cargos en Madrid, dos gobernadores civís nas provincias e dos caciques nas vilas e pequenas cidades.
- ♦ Cada un, no seu ámbito, concedía favores a cambio de votos e apoio político. **O clientelismo e o populismo foron os instrumentos de participación das masas na política.**



Caciquismo e fraude electoral



Caciquismo e fraude electoral

- ♦ A **lei electoral de 1878** eliminou o sufraxio universal masculino. Deu moito poder aos concellos (que elaboraban o censo) e aos alcaldes (que revisaban as eleccións).
- ♦ O sufraxio universal masculino foi reinstaurado pola **lei electoral de 1890**, aumentando moitísimo o censo electoral. Sen embargo, o **fraude electoral mantívose**.




Caciquismo e fraude electoral

- ♦ O mecanismo do **fraude electoral** aproveitaba a estrutura centralizada do Estado. O Ministerio elaboraba o **encasillado** (unha lista co futuro parlamentario en cada casilla), e despois negociábanse os candidatos por distrito.
- ♦ Os alcaldes e **caciques** locais controlaban aos electores para que votasen ao candidato designado previamente.



Caciquismo e fraude electoral





Caciquismo e fraude electoral

- ♦ Se este proceso non era suficiente, alterábanse as actas ou incluíanse votos de persoas inexistentes. A isto chamábaselle ***puccheirazo***.
- ♦ En última instancia, o goberno podía anular as actas electorais desfavorables nas comisións do Congreso. Polo tanto, todo o proceso electoral estaba en mans do goberno, e non dos electores.



Caciquismo e fraude electoral






O reinado de Alfonso XII e a rexencia


O dominio conservador (1876-1881)

- ♦ Cánovas foi presidente de 1876 a 1881, no que se coñeceu como **“ditadura canovista”**. O obxectivo era consolidar a monarquía e construír un **sistema político de orde, autoritario e centralizado**.
- ♦ Houbo **recorte de liberdades** e censura da prensa. Incluso a liberdade de reunión quedou regulada por unha lei que ilegalizaba moitos partidos.



O dominio conservador (1876-1881)

- ♦ A lei electoral de 1878 reduciu o censo de votantes a pouco máis do 5% da poboación.
- ♦ Concluíronse conflitos pendentes:
 - ✓ O **conflito carlista** terminou coa abolición dos foros. O carlismo decaeu e foi xerme nacionalista.
 - ✓ A **guerra cubana** acabou en 1878 coa Paz de Zanjón, polo que Cuba mantívose como provincia.



Consolidación do sistema (1881-1885)

- ♦ Alfonso XII optou pola alternancia para asentar o sistema. En 1881 chegou ao poder o Partido Liberal de Sagasta, que **puxo en práctica dereitos e liberdades** postergados.
- ♦ As medidas dos liberais foron moi variadas: librecambismo (criticado por industriais cataláns e vascos), reorganización do exército, ampliación da base electoral, liberdade de prensa...



Consolidación do sistema (1881-1885)

- ♦ En 1883 Cánovas volveu ao goberno. O rei morría o 25 de novembro de 1885, iniciándose a **rexencia da súa viúva, María Cristina** de Habsburgo.
- ♦ A incertidume pola sucesión puxo en risco o sistema, polo que Cánovas e Sagasta firman o **Pacto do Pardo**, no que acordan a alternancia pacífica, o que consolida a estabilidade política e a rexencia.



Consolidación do sistema (1881-1885)



O “gobierno longo” liberal (1881-1885)

- ♦ O “gobierno longo” de Sagasta, o máis duradeiro da Restauración, emprendeu varias reformas:
 - ✓ **A lei de asociacións** de 1887, que legalizou os sindicatos obreiros.
 - ✓ **A lei do xurado**, que suprimiu a censura previa.



O “gobierno longo” liberal (1881-1885)

- ♦ O “gobierno longo” de Sagasta, o máis duradeiro da Restauración, emprendeu varias reformas:
 - ✓ A lei de sufraxio universal.
 - ✓ A Código Civil de 1889 e a lei de procedemento administrativo.
 - ✓ A reforma do exército.



A creixe finisecular (1885-1898)

- ♦ Aínda que Sagasta tivo que dimitir, **consolidouse o sistema**, xa que as reformas liberais foron respectadas polos conservadores. Silvela intentou unha rexeneración, imposible ata o asasinato de Cánovas e o “Desastre do 98”.
- ♦ Gañaron importancia os **independentismos en Cuba e Filipinas**, que venceron ás tropas españolas coa axuda de EE.UU.



A crise finisecular (1885-1898)

- ♦ O debate entre **proteccionismo** e **librecambismo** enfrontou aos industriais cataláns e vascos cos partidarios da liberdade de comercio. As leis deste período protexeran o mercado antillano, o que favoreceu ás elites catalanistas.
- ♦ A situación das colonias, a cuestión social e o auxe dos rexionalismos convertidos en nacionalismos desataron a **crise de 1898**.





Ánimo co estudo!